

## **INFORME INSUFICIENCIA MEDIOS DO CONTRATO DE SERVIZOS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE CHANTADA**

En base ao disposto no artigo 116.4.f) da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en diante, LCSP), cando se faga necesario celebrar un contrato de servizos, previamente deberase xustificar adecuadamente no expediente a insuficiencia de medios.

Visto o Informe Técnico emitido polo Traballador Social de data 4 de novembro de 2019 sobre a necesidade consistente na contratación dos servizos de axuda no fogar do Concello de Chantada [códigos CPV 85310000-5: Servicios de Asistencia Social, 85300000-2. Servizos sociais e servizos conexos] por procedemento aberto con varios criterios de adxudicación deste municipio, que conta cun orzamento base de licitación anual de 874.896,96 euros (sen IVE) e de 909.892,84 euros (con IVE), e un valor estimado de 4.199.505,41 euros.

### **INFORME**

#### **PRIMEIRO. Insuficiencia de medios persoais:**

O concello de Chantada non dispón do persoal necesario para atender toda a demanda do servizo de axuda no fogar, así como das ampliacións do servizo a máis persoais usuarias que está previsto acometer de acordo coas asignacións da administración autonómica como os ingresos por transferencias doutras administracións para financiar este servizo, polo que é preciso que se realice por unha empresa especializada que preste ese tipo de servizos.

O traballo a desenvolver conleva a dedicación exclusiva dunha equipa de persoas que ademais conten con experiencia na realización desas tarefas, e se atopen inscritos no Rexistro Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais, para o concreto programa de axuda a domicilio.

Neste momento, o concello de Chantada, se ben conta con persoal propio adscrito a este Servizo de Axuda do Fogar, non pode asumir a integridade das tarefas e funcións do mesmo, como se expón no Informe dos Servizos Técnicos municipais, onde se indica que non hai dispoñibilidade na bolsa de traballo para a cobertura de baixas, vacacións o permisos, o que motivou acudir a unha empresa externa para a cobertura de ditas



incidencias. Ademais, dada a evolución de asignacións efectuadas desde o órgano competente en materia de dependencia da administración autonómica, como se pon de manifesto no Informe Técnico municipal, xunto á sobrecarga de traballo das persoas auxiliares en activo e a necesidade de continuidade de atención ás persoas usuarias nos mesmos horarios, duracións e tarefas asignadas, considérase a opción máis satisfactoria a prestación a través da contratación externa de servizos que englobe baixo unha única organización todo o servizo de axuda no fogar.

**SEGUNDO.** O beneficio de externalizar a prestación do servizo consiste en que non se vai incrementar o gasto en persoal, nin se vai investir en equipamentos e materiais que só se utilizarían exclusivamente para realizar os traballos obxecto deste contrato e logo poderían quedar en desuso.

**TERCEIRO.** Publicar o informe de insuficiencia de medios no perfil de contratante de conformidade co establecido no artigo 63.3.a) da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

## DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

